

CIG-Servizos non asina o convenio dos anos 2010-2011

[Comercio de Materiais de Construción e Saneamento da Provincia de Pontevedra](#) [1]

26/5/10.CIG-Servizos, malia ter asinado o preacordo, non rubricou finalmente o convenio do comercio de materiais de construción da provincia de Pontevedra como consecuencia da negativa da patronal ASEMACO e de CC.OO e UGT de redactar o texto en galego. Os empresarios e os sindicatos españois xustificaron o seu comportamento alegando que se trata “dun capricho da CIG”.A xuízo de María do Tránsito Fernández, secretaria comarcal de Vigo, a situación vivida nesta comisión negociadora “non se daba desde a Transición pois incluso se teñen asinado convenios en galego con patronais que son de fóra da Galiza”.

“Parécenos inaceptábel” –prosegue Fernández- “a postura dunha patronal que rexeita o noso idioma con actitudes tipicamente fascistas e non podemos esquecer que o noso idioma representa o noso país e a nosa cultura. Non respectalo significa discriminar o noso pobo”.

A secretaria comarcal entende que a política do PP coa lingua “está conseguindo que os empresarios argumenten exactamente o mesmo, sen importarlles a ofensa que fan á clase traballadora galega”.

Adxunto

Tamaño

[Convenio 2010-2011](#) [2]

128.34 KB

Ligazóns:

[1]

<http://cigservizos.org/convenio/comercio-de-materiais-de-construcion-e-saneamento-da-provincia-de-pontevedra>

[2] http://cigservizos.org/sites/default/files/nova_convenio/2010/05/convenio_2010_2011_19133.pdf